

Aquilino Iglesia Alvariño: un novo clasicismo

Basilio Losada

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOSADA, BASILIO (2011 [1986]). “Aquilino Iglesia Alvariño: un novo clasicismo”. *Alborada. Revista do Centro Galego de Barcelona*: 1986, 4. Reedición en *poesia-galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/572>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOSADA, BASILIO (1986). “Manuel Leiras Pulpeiro”. *Treboada. Revista do Centro Galego de Barcelona*: 1986, 4.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO: UN NOVO CLASICISMO

Alborada

Aquilino Iglesia Alvariño naceu en San Xoan de Vilarente, municipio de Abadín (Lugo), o 10 de xuño de 1909. Cursou durante varios anos no seminario de Mondoñedo a carreira eclesiástica, que abandonou antes de se ordear para estudar filosofía e letras en Compostela. En 1949 gañou a cátedra de Latín do Instituto de Lugo, do que pasou ó de Pontevedra e logo a Santiago de Compostela. Morreu nesta vila o 29 de xullo de 1961.


Iglesia Alvariño é figura destacada do grupo de poetas formados nas artes latinas no Seminario de Mondoñedo. Trátase dun grupo fortemente caracterizado, do que forman parte dous excelentes poetas: Antonio Noriega Varela e Xosé María Díaz Castro, e con eles, aínda que de ton menor, Xosé Crecente Vega. A íntima coherencia deste grupo venlle dada por unha identidade lingüística asentada na fala rural do Norte de Lugo. Os aspectos idiomáticos desta escola foron estudados polo mesmo Iglesia Alvariño. A cultura clásica asimilada desde a nenez, deu a todos eles, e en especial a Iglesia Alvariño, unha disciplina formal moi rigorosa, o gusto polo endecasílabo e o verso longo ritmado en pausas solemnes, e o paladeo gozosa da linguaxe rural, de extraordinaria pureza en todos eles, co que acadan espléndidos efectos expresivos. Poesía serea, ás veces asentada na mínima captación dos matices fuxidios das horas, dos tons da paisaxe -en Noriega serán as flores mínimas, silvestres, bañadas polo orballo ou esvaídas pola néboacon escasa presenza humana e raramente expresiva de conflitos animacos.

A obra de Iglesia Alvariño, abundante e moi coherente de ton e expresión, é en conxunto anha Xeórxica galega. Quizais noutras latitudes e con outra lingua parecería artificiosa esta volta á latinidade precisamente no momento de eclosión de tódalas fecundas frivolidades do vangardismo. Nembargantes, no caso de Galicia, este virxilianismo responde á raíz mesma da paisaxe e da terra, á pegada intimamente rural que enche toda a súa cultura. Nada hai pois neste exercicio poético de Iglesia Alvariño de actitude experimental de profesor de latíns. Trátase dunha poesía creada desde os presupostos máis sinceros de comunicación entre o poeta e o seu mundo. Quizais a diferenza entre esta actitude de Iglesia Alvariño e a posición romántica perante a paisaxha que busca no gusto polo mínimo, polo cotidián, patente no poeta de Abadín, que fuxe sempre do desmesurado e espectacular. E con todo, fondamente afincado no seu tempo, -xa dixemos que o seu virxilianismo responde a unha coherencia inmediata entre o poeta e o mundo físico no que se apoia- cultivou tamén a poesía neotrovadoresca, e hai nas súas imaxes un voo sutil coma eco remansado do hilozoísmo de Amado Carballo.

Miguel González Garcés considera que a poesía de Iglesia Alvariño "es una de las más curiosas aportaciones de toda la literatura española del siglo XX en el que

a la inspiración clásica se le consiguen nuevas y modernas resonancias, matices, sinceros por vivos, de las visiones y formas de los venerados clásicos". A súa formación latinista non foi para Iglesia, como o foi para tantos poetas ecoicos, un lindeiro ó seu esforzo de labor personal do idioma. Dos clásicos aprendeu a lección de medida, de contención expresiva, de manexo cuidadoso da linguaxe. Pero xorde nos seus poemas unha conciencia de soedade dramática, unha visión existencial que coloca ó home sobre a paisaxe, insireo nela e converte este marco inerte nunha proxección dos estados anímicos do poeta. Por esta vía existencial, Iglesia Alvariño chega xa que logo a posicións panteístas, e os seus poemas máis amados son sempre poemas da inmensa soedade: Tibulo, Petöfi, Hölderlin. A eles dedica algúns dos máis belos poemas de *Nenias*. Modernidade e tradición fúndense nestes poemas de afincada raigame galega. Raigame perceptible mesmo na técnica, coa abundancia de anáforas, co gusto polo paralelismo, cos exemplos abundantes de aliteración e o culto permanente á metáfora -metáfora que non é nel xamais un xogo máxico de escamoteo da realidade senón unha maneira de afondar nela percurando a súa expresividade máxima. Non sabemos ata que punto esta poesía poderá ser gostada por lectores alleos á tradición máis arraizada e constante da lírica galega. Profundamente inserido nela, Iglesia Alvariño asimilou a imaxinería vangardista, depurouna de toda arbitrariedade engadindolle peso, consistencia, severidade. Coma Cezanne, pódese dicir que deu á fórmula impresionista a solidez constructiva capaz de convertila en punto de arranque dun novo clasicismo.

Iglesia Alvariño foi tamén un excelente traductor de textos clásicos latinos ó galego. É moi notable a súa versión de Horacio. Máis rematada, verdadeira obra mestra, é a súa adaptación da *Aulularia* de Plauto, co título galego de *A comedia da oliña*. Interesante é tamén a súa versión do *Pervigilium veneris*, poema anónimo da baixa latinidade, xoia lírica situada xa nos umbrais da Idade Media, con notacións paisaxísticas moi gratas ó espírito do traductor.



BASILIO LOSADA CASTRO